

O 20 de setembro a Marea Branca volta unha vez máis á Coruña e Santiago. Durante este mes asistimos á inauguración do novo Hospital de Vigo. Unha auténtica provocación aos cidadáns e doentes, onde nada máis chegar teñen que pagar para acceder aos seus servizos. A improvisación, as presas por empezar a recadar diñeiro aos doentes, a mala calidade dalgunhas das súas instalacións, a morte dunha doente por presunta negligencia, a devolución de doentes dende o novo hospital ao Xeral para operacións cirúrxicas, dada a situación na que se encontra, e moito máis, amósanos o exemplo da sanidade que os gobernos de Rajoy e Feijoo queren ofrecernos.

Continúa o desmantelamento da saúde mental. O Movemento Galego pola Saúde Mental segue denunciando que se están a dar altas precipitadas e non se ofrecen tódalas posibilidades asistenciais, o que supón de feito, unha forma de recortar. Consideran que é una estratexia da xerencia da área sanitaria para diminuír ocupacións hospitalarias e cuestionar a necesidade de recursos. Non se considera como prioritarias as necesidades dos doentes.

Segue a situación crítica nos centros asistenciais de terceira idade e dependentes. O persoal e os usuarios sofren os recortes día a día. Non se renova o material: lavadoras estropeadas que non se amañan, restrición dos cueiros por usuario a 3 ao día, grúas para mobilidade dos residentes que non se compran, plantas pechadas como as da Residencia de Maiores de Ferrol, onde non se continua coas obras de mellora, falta de material de enfermería, etc.

Seguimos asistindo tamén a como se lle nega asistencia a doentes como Dolores Asunción que leva xa 9 meses de espera para ser intervida. E o máis indecente de todo isto é que nin a xerencia, nin atención ao paciente contéstanlle aos distintos escritos presentados no CHUAC. A falta de empatía e desprezo cara ós dereitos dos doentes, son a tarxeta de visita destes xestores da nosa sanidade.

Seguen a negarse os dereitos de moitos dos doentes de Hepatite C e das familias que reclaman vacinas para os seus fillos. Temos sabido que están suspendidas ata novo aviso os reforzos das vacinas para nenas e nenos de 6 anos.

A saúde dos cidadáns non é unha prioridade para o noso goberno.

Por todo isto, animamos a tódolos doentes, familiares e cidadáns a unirse á loita pola defensa do que é de todos, a que se organicen. Non podemos permitir que nos deixen tirados nun andar mentres hai plantas baleiras. Hoxe podemos dicir que Dolores Asuncion e os preto de 270.000 doentes que están nas listas de espera, non teñen sanidade pública, e seguen a negarlles os dereitos que teñen como cidadáns.

E coma sempre, seguimos a denunciar o tratado de libre comercio (TTIP) que se está a negociar cos estados unidos de norteamérica, o tratado TISA que atinxe directamente aos servizos públicos, e o tratado CETA que se está a negociar neste caso con Canada. Estes tratados desmontarán a nosa

democracia e os nosos servizos públicos, deixándonos nas mans das multinacionais. Negociacións ocultas e secretas das que case non temos información. Saben que nos están a roubar os nosos dereitos e mantéñeno en segredo.

Non cesaremos de saír á rúa ata que a sanidade pública estea garantida para tódalas e tódolos cidadáns, e ata que as leis 15/1997, 16/2012 e o artigo 135 da Constitución sexan derogadas, para que nunca mais ningún partido político poida privatizar a nosa sanidade pública.

!!!A SANIDADE NON SE VENDE, DEFÉNDESE!!!